

## Unidade 10. Retransmitindo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### OS CUARTOS ESCUROS

Olga vive soa. Na súa cociña, dentro dunha cesta, adurmiña o seu can Farol. O piso é como o noso, pequeno, máis a ela fáiselle grande, porque non bate con ninguén polo corredor. Precisaba dun cuarto onde revelar as fotografías e aproveitou o que non ten xanelas para utilizalo como cuarto escuro.

*Hai cuartos escuros que son tenebrosos e asustan. Refírome aos sitios onde as nais gardan os utensilios da limpeza. Adoitan ser currunchos estreitos, con olor a deterxentes, desinfectantes ou lixivias. Semellan roupeiros, pero sen roupa. Se fosen armarios serían acolledores. Recenderían a roupa limpa ou a bólas de naftalina. A naftalina lémbreme as enaguas da avoa.*

*Os cuartos da limpeza son escuros e un acubíllase porque o castigan. Nesas ocasións os segundos mudan en minutos e os minutos en horas. As nais ameázanos, ás veces, con pecharnos neles co fin de que non armemos balbordo.*

*Hai cuartos escuros que nos gustan para agacharnos cando xogamos ás escondidas. De súpeto, gozamos coas cóxegas que sentimos na barriga cavilando que nunca nos van atopar no noso lugar secreto.*

*Porén, ás veces, os cuartos escuros non nos dan medo, ao contrario, convértense en lugares máxicos onde nos pechamos cunha pequena lanterna, un cómic ou un conto, e o tempo pasa voando ao noso carón mentres quedamos birollos cos ollos apegados ás viñetas, ás ilustracións, ou devoramos unha historia ata que caemos rendidos co sono. O cuarto escuro de revelado ule a produtos químicos. Ten cubetas que conteñen un líquido que penetra polo nariz e fai cóxegas. Arredor hai un tendal con fotos penduradas. No chan adoita haber recortes de papel. É fascinante.*

Un día, ao volver do colexio, reparei en que un camión de mudanzas estaba detido ante o portal. Os veciños do sexto mudábanse. Outro día vin outro camión de mudanzas ante o portal. Unha muller subiu comigo no ascensor. Pensei que debía ir de visita a algún piso, porque eu coñecía a todos os veciños e a ela non a vira nunca.

—A cal vas? —preguntoume.

—Ao quinto —respondinlle.

—Eu, ao sexto —engadiu.

Pulsou ambos os dous botóns e permanecín en silencio, mentres o ascensor comezaba a subir, coa ollada cravada no chan. Fitei nos seus zapatos. Eran negros e anchos, como os dun home. Logo nos seus pantalóns. Eran negros e anchos, como os que adoita usar meu pai. Á altura do segundo andar fitei a súa camiseta. Era axustada e de cor malva. No cuarto andar detívenme na súa face. Era ancha e branca. Non ía maquillada e levaba o pelo curto e liso. Recendía raro. Non a perfume, senón a algo penetrante, como a produtos de limpeza. O ascensor detívoise no quinto andar.

—O teu piso. Vives aquí?

Asentín.

—Eu tamén dende hai uns días. Chámome Olga, e ti?

—Cecilia.

—E que tal é este barrio?

—Aburrido.

—Vaia! Que estudas?

—Sexto de primaria.

—E que tal os estudos?

—Mal.

—Pois eu dou clases.

—Es unha profe!

—Dou clases de fotografía. Gústanche as fotos?

Encollín os ombros. Nunca pensara niso. Agora, en cambio, entusiásmame todo canto garde relación coa fotografía.

—Se queres, un día pasas pola casa e ensínoche algunhas. Veño de rematar unha serie sobre parques infantís. Cando as revele podes vir velas.

—Hai algunha que teña un tobogán vermello e un bambán azul?

Olga engurrou o cello. Semellaba sorprendida coa miña pregunta.

—Pode... Por que?

—Por nada.

Saín do ascensor. Dentro quedou o olor estraño. Fóra recibín o recendo a piñeiro do rechán. A miña nai colocara un ambientador na alzadeira da porta.

Os xemelgos xa volveran do instituto e estaban sentados á mesa na cociña. A miña nai servía o xantar. O meu pai quitaba o abrigo. Ulía a lentellas.

An ALFAYA

## Unidade 10. Retransmitindo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 1. Contesta as preguntas seguintes.

- Quen narra a historia?

**Cecilia.**

- Son a mesma persoa o narrador e o protagonista?

**Si. Cecilia.**

- Como se chama a outra protagonista do relato?

**Olga.**

- Cal é a profesión de Olga?

**Profesora de fotografía.**

- En que curso estudaba Cecilia?

**Sexto de Primaria.**

- Cal é o cuarto que utiliza Olga para revelar as fotos?

**Aproveitou o cuarto sen xanelas para utilizalo como cuarto curso.**

### 2. Busca as palabras seguintes no dicionario e anota o seu significado: **lixivias, enaguas, birollos e recendo.**

**Lixivias:** líquido composto de auga no que están disoltos álcalis ou sales alcalinos e se emprega para branquear a roupa e a limpeza e desinfección en xeral. **Enaguas:** peza de vestir interior feminina parecida a unha saia. **Birollos:** que ten a vista torta, cada ollo mirando nunha dirección. **Recendo:** olor agradable.

### 3. Redacta o resumo do relato.

**Resposta libre.**

## Unidade 10. Retransmitindo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 4. Nas seguintes oracións, substitúe o estranxeirismo pola palabra galega.

- Ese libro é un best-seller.

**Ese libro é un éxito.**

- O luns cearei nun self-service.

**O luns cearei nun autoservizo.**

- Creo que vas ter que meter o coche no párking.

**Creo que vas ter que meter o coche no aparcadoiro.**

- Mercaches os tickets para o concerto?

**Mercache as entradas para o concerto?**

- O meu hobby favorito é escoitar música.

**A miña afección favorita é escoitar música.**



### 5. Identifica os tecnicismos nas oración seguintes.

- A **bioloxía** é a ciencia que estuda os seres vivos.
- A capa de aire que rodea a terra é a **atmosfera**.
- Que é a **lingüística**? A ciencia que estuda a linguaxe humana.


### 6. Busca cinco tecnicismos e escribe unha oración con cada un.

**Resposta libre.**

## Unidade 10. Retransmitindo

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

### 7. Le as seguintes mensaxes instantáneas.



### 8. Escribe as mensaxes do emisor como un texto.

Ola Xacobe!

O outro día recibín non te puiden responder, porque xusto nese momento o meu móbil estragouse.

Unha historia longa de contar. Fareino cando te vexa.

Agora que xa teño un novo, aproveito para dicirte que pola miña parte, non teño problema en quedar o mércores para irmos á biblioteca municipal a preparar o exame de matemáticas do luns, que boa falta me fai!

### 9. Contesta.

Resposta libre.